



San Pedro de Vilanova

Este antropónimo (nome de persoa) vén do latín *Petrus*, forma masculina de *petra* 'pedra, rocha'.

O apóstolo foi dos primeiros enrolados por Xesús. Seguiuno durante toda a súa vida ata a súa detención na horta das Oliveiras, e logo, despois da resurrección, ata a ascensión. Cando Xesús morre, vive en Xerusalén, onde o prende Herodes Agripa. Despois marcha a Roma onde se converte no primeiro bispo. Nerón príñdeo e manda crucificalo. El ten as chaves do ceo.

É patrón dos pescadores e fabricantes de redes, tamén dos canteiros e ferreiros. En Galicia é un dos santos más populares e o que máis parroquias ten despois de María.

Como apóstolo viste túnica e manto e leva como atributos persoais un libro ou un rolo de pergamiño e unha chave. Como Papá viste pontifical, con alba, capa e tiara papal de tres coroas; na man esquerda sostén o bordón de tres cruces, erguendo a dereita en actitude de bendicir.

O nome de *Vilanova* é de formación enteramente romance. Aparece na Idade Media aplicado a vilas que nacen baixo a protección do rei ou que crea a incipiente burguesía, fóra do recinto das fortalezas feudais, para asentarse os homes libres que se rexian polas súas propias normas. O significado é aparente 'vila nova', pero temos que observalo tamén dende o punto de vista histórico-xurídico, por canto se convirten nunha contraposición ó poder do señor feudal ou señorial.



Galegos

Este nome de lugar está vinculado ó nome *Galicia*. Segundo Elixio Rivas *Gallaecia* nace no século I d. C., formada sobre o étimo latinizado *Gallaecos*, os actuais galegos. Outras formas documentadas na Idade Media son *Gallicia*, *Kallaikas*, *Gallliciana*... Este autor di que a forma primitiva debeu ser **Cal-ekko*, cunha terminación que Menéndez Pidal coida que é preindoeuropea, e que foi asimilada a *-aeku*. A base **Kal-I-* alterna, en época antiga, con **Kar-r-*, que significa 'rocha, monte, codia dura'. Estas raíces aparecen en palabras que serven para nomear realidades da natureza de constitución pétreas. Este valor oronímico do tema acomódase ben a unha tribo que vive nas montañas: *kallaecos*, *callaecos*, *kallaikos*.

O Francés

A motivación deste topónimo probablemente se deba ó paso francés ou franco do Camiño de Santiago ou/e á presenza de persoas procedentes da Francia.

Algun outro topónimo como *Francos* non ten nada que ver con esta posibilidade, pois o seu nacemento é debido á condición fiscal de *francos*: certos lugares estaban exentos de pagar ó señor feudal algúns cargos e tributos, por iso tamén moitos deles se chaman *Villafranca*.



Castrelo

Derivado de *castellum*, diminutivo do substantivo *castrum* 'fortificación'.

O seu significado ten que ver cunha pequena elevación de terreo illada e con forma redonda. Este substantivo latino, de uso frecuente, pasou a ser empregado como topónimo no momento en que se creaban ou fundaban novas poboacións en época romana.

O Outeiro

Este topónimo procede da base latina *altariu*, formado sobre *altaria*, plural de *altare*. Significa 'lugar elevado, alto'.

Abundan en grande cantidade e é de singular localización, xa que normalmente atopase no noroeste peninsular.



Cumbaos

Este topónimo procede dun nome étnico ou tribal, **conimbrianos* 'de Coimbra'. Posiblemente teña que ver con repoboadores mozárabes procedentes de Coímbra.



Picón

Este topónimo é derivado de *pico*, co significado de 'cúspide dunha montaña'. Segundo Corominas, *pico* sería un derivado postverbal de *picar* e este significado aparece na palabra *pic* en francés, occitano e catalán.



Vilar

Este topónimo procede da palabra latina *villa*, que primitivamente significaba 'quinta, granxa, facenda rural' e posteriormente, 'barrio, aldea'. Cando na alta Idade Media se funda ou crean novas *villas*, que aparecen de forma moi numerosa na documentación, trátase realmente de pequenos poboados rurais, que co tempo gañarían en importancia e atribucions.



Raxoi

Procede de *(*villam) *Ragioy*, de *Ragoy* (*Ragi* + *oi*), ou de *(*villam) Ragioli*, genitivo de *Ragiolo*, probablemente o nome dun gran terratenente medieval, que se conservou ata o punto de usar o seu nome para referirse a aldea. A raíz *ragi-* significa 'conselleiro'.



Sobredo

O presente nome de lugar deriva de *suberaria* 'sobreira', máis o sufijo *-etu*.

Ademais de *sobreira*, no galego, tamén se emprega a forma *curticeira* para referirse a esta árbore frondosa e copulenta, quizais porque a súa cortiza é aproveitável.

